



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Exercicio da potestade inspectora e sancionadora en materia de transportes

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria Autonómico

GRUPO: Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

ÁREA: Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 11/03/2023 - 08:00h ao 20/03/2023 - 23:55h

RESPONSABLE: VÁZQUEZ SANJURJO, MARTA [marta.vazquez.sanjurjo@xunta.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

- Actualizar a formación do persoal que realiza funcións en materia de inspección e de tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes mediante un repaso xeral dos fundamentos das grandes áreas temáticas que integran o conxunto normativo do transporte por estradas.
- Analizar dende unha perspectiva práctica os principais desafíos que se presentan en cada área temática dende o punto de vista do seu control e sanción.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

Terán preferencia os axentes auxiliares de inspección do transportes e persoal habilitado para o exercicio das ditas funcións e persoal responsable da tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes e os seus recursos, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

PROGRAMA

Sesión 1: Conceptos xerais da normativa en materia de transportes

O obxecto é repasar os conceptos fundamentais utilizados na normativa de transporte ou noutras normativas que afectan á aplicación da normativa de transporte, tales como transporte urbano e interurbano, transporte combinado, carga fraccionada ou a definición dos distintos tipos de vehículos e as consecuencias xurídicas asociadas a esa cualificación, en función da normativa afectada.

Sesión 2: Novidades na normativa, interpretación e no contexto de aplicación da normativa de transporte

Repasaranse as principais novidades normativas aprobadas na normativa de transporte no último ano, especialmente as derivadas da entrada en vigor do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras e o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural e os criterios interpretativos emitidos.

Sesión 3: O control do transporte de viaxeiros:

O obxecto é repasar o réxime aplicable aos distintos tipos de transporte de viaxeiros:

- transporte regular de uso xeral (principais obrigas sancionables de acordo coa normativa e cos pregos de condicións,

documentos de control, medios de inspección)

-transporte regular de uso xeral (principais obrigas sancionables de acordo coa normativa e cos pregos de condicións, documentos de control, medios de inspección)

- transporte discrecional (principais obrigas sancionables, documentos de control, medios de inspección)

Sesión 4: Uso do tacógrafo: manipulacións e falsificación e tipos afíns

O obxecto da sesión é examinar os distintos supostos cualificables como manipulación do tacógrafo ou dalgún dos seus elementos e de falsificación, determinar as probas que se poden recabar e os suxeitos responsables.

Sesión 5: O control do transporte de mercadorías perigosas: aspectos básicos e infraccións máis común

O obxecto da sesión é transmitir os aspectos fundamentais que son obxecto de control en estrada ao transporte de mercadorías perigosas e as infraccións máis frecuente e a súa tipificación.

Sesión 6: O procedemento administrativo sancionador en materia de transportes: o réxime legal e a súa interpretación xurisprudencial

O obxecto da sesión é repasar os principais puntos conflictivos na tramitación do procedemento administrativo sancionador de transportes, con base na normativa de procedemento vixente, na normativa de transportes e nos derradeiros pronunciamentos xurisprudenciais

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Prioridade a axentes auxiliares de inspección de transportes e persoal habilitado para o exercicio das ditas funcións e persoal responsable da tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes e os seus recursos, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Telepresenza

INICIO / FIN: 28/03/2023 a 09/05/2023

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 09/05/2023 ás 11:30h

DOCENTES NOMEADOS

MARIA INMACULADA CARRIL BARCO

ANGEL REGO RAMOS

Jose Jorge Martinez Fernandez

MARTA VÁZQUEZ SANJURJO

Salomé Mut Oltra

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 28 de marzo de 10:00 a 12:00. Os días 11, 18 e 25 de abril de 10:00 a 12:00. Os días 02 e 09 de maio de 10:00 a 12:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>